

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, PARA O INGRESO NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A DE PROXECTOS DE I+D+i GI DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE.

En sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2024, a Comisión de Selección nomeada pola Resolución do 10 de febreiro de 2023 do Director Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría profesional de técnico/a de proxectos de I+D+i GI da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, acordou de conformidade coa base III.1.1 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento sesenta (160) preguntas tipo test, relacionadas co Anexo IV. Este exercicio dividirase en dúas partes:

a) A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento vinte (120) preguntas tipo test, das que trinta (30) preguntas correspóndense coa parte común do programa e noventa (90) coa parte específica, máis oito (8) preguntas de reserva, das que seis (6) serán da parte específica do programa.

b) A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido práctico de corenta (40) preguntas tipo test da parte específica do programa, sobre un ou varios textos propostos.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas pola Comisión de Selección, das que só unha será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos (200) minutos.

As persoas aspirantes deberán sinalar na folla de exame a opción de resposta que estimen válida rodeando cun círculo a letra da resposta que consideren correcta, en caso de rectificación da resposta tacharana completamente e sinalarán cun círculo a que consideren válida.

2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

O presidente da Comisión de Selección

Cástor José Rivero Martínez

